



SI

A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero

Edición 2019

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2019

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento–Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



Índice

Páxina

1

Introdución

4

2

A Fenda Dixital de Xénero

6

2.1 Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

2.2 Uso de Internet nos últimos tres meses

2.3 Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

2.4 Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

2.5 Indicadores adicionais: redes sociais, apps

3

A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat

24

4

Conclusións

38

1. Introducción





Obxectivos

- Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia
- Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.



Fontes de información


- Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2018
- *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares* (TIC-H). INE. Ano 2018
- *Indicadores de la Sociedad de la Información por género*. ONTSI. Ano 2018

2. A Fenda Dixital de Xénero



2.1 Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo.




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.

En relación ao uso de dispositivos electrónicos tales como ordenadores portátiles ou de sobremesa, PDA ou tablet, etc. non existen diferencias en Galicia en base ao xénero.


Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e idade.



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

A idade é un factor que incide claramente no uso diferencial de dispositivos electrónicos entre xéneros, de forma que mentres entre os máis novos non existen diferenzas entre homes e mulleres, a medida que se incrementa a idade as diferenzas comezan a manifestarse, acadando unha fenda de 3,5 puntos entre as mulleres de 55 a 64 anos. que cambia radicalmente a favor das mulleres a partir dos 65 anos.

Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados.




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

O nivel de estudos repercute nunha redución da fenda dixital interxénero, de feito que a partir dos estudos primarios e secundarios, incrementáase a porcentaxe de mulleres que empregan dispositivos electrónicos, acadando a maior diferenza entre mulleres e homes, nas persoas que posúen estudos de doutoramento.

2.2 Uso de Internet nos últimos tres meses


Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo. Comparativa Galicia-España



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Con respecto ao uso de Internet, a fenda en Galicia tamén resulta mínima, e sensiblemente inferior á diferenza do indicador a nivel nacional.


Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e idade.



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

No uso de Internet repítese un patrón semellante ao de uso de dispositivos electrónicos, cunha redución do acceso á Internet nas mulleres a partir dos 24 anos, e un incremento de mulleres que accederon a Internet nos últimos 3 meses entre as máis maiores.


Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados.



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Ao ter en conta o nivel de estudos finalizados reducíndose a fenda de xénero no acceso á Internet a medida que ascende a formación académica das mulleres.

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e situación laboral.



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)


As mulleres activas e especialmente as paradas mostran un maior uso de Internet ca os homes, marcando unha fenda considerable con respecto ao acceso nos últimos tres meses. Sen embargo, aquelas que perciben pensións distintas da xubilación ou xubiladas, mostran unha situación oposta.

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Uso de Internet nos últimos tres meses.

Comparativa Galicia-España

(% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Fonte: INE 2018

A diferenza entre xénero respecto ao acceso a Internet no último trimestre amosa que a fenda estase a reducir, dun feito maior no caso de Galicia, pero que vai progresando positivamente tanto a nivel nacional como na nosa comunidade.

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)

Uso de Internet


Individuos que empregaron internet nos últimos tres meses				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Dinamarca	97	98	98	1
Noruega	98	97	97	-1
Luxemburgo	95	98	97	3
Países Baixos	95	95	95	0
Reino Unido	95	94	95	-1
Finlandia	95	94	94	-1
Suecia	94	91	92	-3
Alemaña	91	94	92	3
Bélxica	87	90	89	3
Estonia	89	89	89	0
Francia	88	88	88	0
Austria	85	90	87	5
República Checa	86	87	87	1
España	86	87	86	1
UE 28	84	86	85	2
Chipre	85	84	84	-1
Letonia	84	83	84	-1
Irlanda	83	82	82	-1
Malta	81	81	81	0
Eslovaquia	80	81	80	1
Eslovenia	78	82	80	4
Galicia	80	80	80	0
Lituania	80	80	80	0
Macedonia	78	81	79	3
Polonia	77	78	78	1
Hungría	75	77	76	2
Portugal	73	76	75	3
Croacia	73	77	75	4
Italia	71	77	74	6
Grecia	71	74	72	3
Rumania	70	72	71	2
Bulgaria	63	66	65	3



Países con maior fenda de xénero: Italia (6), Austria (5), Eslovenia (4) e Croacia (4).

Países con menor fenda de xénero: Suecia(-3), Noruega (-1), Reino Unido (-1), Finlandia (-1), Chipre (-1), Letonia (-1) e Irlanda (-1).

2.3 Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

En Galicia, a diferenza entre as mulleres e homes que adquiriron bens ou servizos a través de Internet resulta inferior á media estatal en 0,4 puntos porcentuais.

A porcentaxe de mulleres españolas que compraron por Internet é apenas 6,5 puntos porcentuais maior que o de mulleres galegas, mentres que no caso dos homes esta distancia é de 6,9 puntos.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e idade.




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

As mulleres de idades comprendidas entre os 25 e 44 anos son as que máis compras fixeron a través de Internet, especialmente as máis novas, onde a distancia cos homes que realizaron compras é de 5,1 puntos porcentuais.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e situación laboral.




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

As mulleres desempregadas, son as que máis diferenza posúen con respecto aos homes, en canto a compras a través de Internet, cunha distancia de 9,1 puntos a favor dos homes.

2.4 Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo.




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

As diferencias de uso da eadministración entre galegas e galegos son mínimas. Só destacar a fenda existente no indicador relativo á descarga de documentos persoais, onde a porcentaxe de homes supera á de mulleres en 1,2 puntos porcentuais.

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para obter información (puntos porcentuais)

Individuos que empregaron internet para a busca de información				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Dinamarca	92	91	91	-1
Noruega	86	86	86	0
Finlandia	85	80	82	-5
Suecia	79	83	81	4
Países Baixos	78	83	80	5
Estonia	79	75	77	-4
Galicia	66	66	66	0
Grecia	63	66	64	3
Austria	66	61	64	-5
Letonia	66	58	63	-8
Hungría	60	61	61	1
Eslovenia	64	56	60	-8
Alemaña	59	60	59	1
República Checa	61	54	57	-7
España	55	58	57	3
Lituania	59	54	57	-5
Eslovaquia	53	57	55	4
Francia	55	49	52	-6
UE28	51	50	51	-1
Bélxica	49	53	51	4
Malta	53	49	51	-4
Irlanda	51	49	50	-2
Reino Unido	49	50	49	1
Portugal	47	50	48	3
Croacia	45	48	46	3
Chipre	44	47	46	3
Luxemburgo	37	41	39	4
Polonia	31	30	31	-1
Italia	26	25	26	-1
Bulgaria	26	25	25	-1
Macedonia	22	23	23	1
Rumanía	9	10	10	1




Países con maior fenda de xénero: Países Baixos (5), Suecia, Eslovaquia, Bélxica e Luxemburgo (4).

Países con menor fenda de xénero: Eslovenia (-8), Letonia (-8) e República Checa (-7).

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para descargar formularios (puntos porcentuais)

Individuos que empregaron internet para descargar formularios				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Finlandia	73	70	71	-3
Noruega	67	71	69	4
Galicia	65	65	65	0
Países Baixos	52	63	57	11
Estonia	54	52	53	-2
Suecia	49	57	53	8
Luxemburgo	49	55	52	6
Dinamarca	45	49	47	4
Hungría	46	49	47	3
España	44	45	45	1
Austria	43	45	44	2
Irlanda	41	42	41	1
Francia	42	40	41	-2
Malta	40	41	41	1
Grecia	37	42	40	5
Reino Unido	35	42	38	7
Alemaña	35	39	37	4
UE28	35	38	36	3
Lituania	35	34	35	-1
Bélxica	33	35	34	2
Eslovenia	39	30	34	-9
Chipre	31	34	32	3
República Checa	30	29	29	-1
Eslovaquia	27	31	29	4
Polonia	29	27	28	-2
Portugal	24	31	28	7
Croacia	28	25	27	-3
Italia	23	23	23	0
Letonia	20	15	17	-5
Bulgaria	15	13	14	-2
Macedonia	10	10	10	0
Rumanía	6	6	6	0




Países con maior fenda de xénero: Países Baixos (11), Suecia (8), Portugal (7) e Luxemburgo (6).

Países con menor fenda de xénero: Eslovenia (-9) e Letonia (-5).

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para enviar formularios (puntos porcentuais)

Individuos que empregaron internet para enviar formularios cubertos				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Suecia	78	82	80	4
Estonia	82	76	79	-6
Dinamarca	73	75	74	2
Finlandia	69	67	68	-2
Noruega	65	71	68	6
Francia	65	67	66	2
Galicia	64	64	64	0
Países Baixos	55	69	62	14
Irlanda	58	59	59	1
Letonia	62	55	59	-7
Austria	50	53	52	3
Lituania	53	49	51	-4
España	47	47	47	0
Reino Unido	45	50	47	5
Hungría	45	48	46	3
Bélxica	39	45	42	6
UE28	39	41	40	2
Portugal	37	42	40	5
Grecia	30	36	33	6
Luxemburgo	29	35	32	6
Chipre	27	35	31	8
Polonia	32	30	31	-2
República Checa	33	26	29	-7
Malta	27	29	28	2
Eslovenia	23	23	23	0
Croacia	22	21	21	-1
Alemaña	17	23	20	6
Eslovaquia	17	22	20	5
Italia	19	19	19	0
Bulgaria	15	13	14	-2
Macedonia	7	7	7	0
Rumanía	5	5	5	0




Países con maior fenda de xénero: Países Baixos (14), Chipre (8), Noruega, Bélxica e Alemaña (6).

Países con menor fenda de xénero: República Checa (-7), Letonia (-7) e Estonia (-6).

2.5 Indicadores adicionais: redes sociais, apps


Persoas que participaron en redes sociais nos tres últimos meses segundo o sexo. Comparativa Galicia-España.



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

O uso de redes sociais é máis frecuente entre as mulleres, independentemente do territorio. A diferenza é, con todo, maior no conxunto de España, onde o nivel de uso das redes sociais que fan as mulleres supera en 6,1% ao dos homes.


Persoas que participaron en redes sociais nos tres últimos meses segundo sexo e idade.



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

As mulleres en xeral participan con maior asiduidade en redes sociais ca os homes. Este uso diferencial de redes sociais está claramente condicionado pola idade, de maneira que a fenda máis pronunciada prodúcese no grupo de idade por riba dos 45 anos. Entre os máis novos, o uso de medios sociais é máis homoxéneo entre sexos.

Persoas que participaron en redes sociais nos tres últimos meses segundo sexo e situación laboral.




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

As mulleres desempregadas son as que máis diferenza posúen con respecto aos homes en canto ao uso de redes sociais, con un uso 12,4 puntos porcentuais superior aos homes.

Diferenza entre homes e mulleres que participaron en redes sociais nos últimos tres meses (puntos porcentuais)

Individuos que participaron en redes sociais				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Hungría	87	84	86	-3
Rumania	87	85	86	-2
Malta	88	82	85	-6
Noruega	88	80	84	-8
Bélxica	83	81	82	-2
Chipre	82	81	82	-1
Macedonia	79	85	82	6
Dinamarca	84	78	81	-6
Bulgaria	81	77	79	-4
Portugal	81	78	79	-3
Suecia	80	73	76	-7
Galicia	77	76	76	-1
Letonia	78	68	74	-10
Eslovaquia	75	74	74	-1
Reino Unido	79	68	74	-11
Irlanda	79	67	73	-12
Grecia	75	72	73	-3
Lituania	76	69	73	-7
Croacia	74	69	72	-5
Finlandia	76	66	71	-10
Serbia	74	66	70	-8
Estonia	75	63	69	-12
Países Baixos	73	66	69	-7
España	70	64	67	-6
Luxemburgo	67	65	66	-2
UE28	68	63	65	-5
Polonia	67	62	64	-5
Italia	64	62	63	-2
Austria	64	58	61	-6
Eslovenia	63	59	61	-4
Alemaña	58	56	57	-2
Francia	50	45	48	-5




Países con maior fenda de xénero negativa: Irlanda e Estonia (-12).

Países con menor fenda de xénero : Eslovaquia e Chipre (-1).

3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat


A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres, estudando os indicadores anteriores segundo as seguintes variables xeográficas:



Provincia

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

A fenda de uso de dispositivos electrónicos por xénero nas provincias galegas é practicamente inexistente. As maiores diferenzas, moi escasas, dánse entre os homes e as mulleres da provincia de Ourense, con 0,6 puntos porcentuais de distancia.

Hábitat

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Respecto ao tamaño de hábitat, nas cidades con maior tamaño atopamos unha maior diferenza entre os usos de homes e mulleres, a unha distancia de 2 puntos porcentuais. Nas vilas, sen embargo, as mulleres superan aos homes no uso de dispositivos electrónicos.



Áreas comarcais

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais

Muller




Home



Nas áreas de Lugo Oriental e A Coruña Suroriental o uso de dispositivos electrónicos durante os últimos tres meses foi maior nas mulleres ca nos homes.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

O maior uso de dispositivos electrónicos nas mulleres sitúase no concello da Coruña (90,2%) e no de Santiago (90%), aínda que a maior fenda entre xéneros atopámola en Ferrol, cunha distancia de manexo de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses de 4,6 puntos porcentuais superior entre os homes.

Provincia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

As provincias onde máis mulleres accederon a Internet nos últimos 3 meses son a de Pontevedra (82,2%) e a da Coruña (81,4%). En todas elas, a fenda de xénero é practicamente inexistente no uso da Rede. A máis elevada, aínda que apenas un punto porcentual de diferenza, dáse na provincia de Ourense.

Hábitat

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Nos concellos de máis de 50.000 habitantes, as grandes cidades, é onde atopamos a maior distancia entre xéneros á hora de acceder a Internet, cunha diferenza de 2,6 puntos porcentuais máis de uso entre os homes que entre as mulleres.



Áreas comarcais

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses
segundo xénero e áreas comarcais

Muller




Home



As áreas da Coruña Suroriental e Pontevedra Nororiental posúen un maior acceso a Internet entre as mulleres que entre os homes nos últimos tres meses.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Son novamente os concellos da Coruña (89%) e o de Santiago (87,9%) onde se dá un maior valor no indicador respecto ás mulleres, cun maior acceso a Internet. Non obstante, a maior fenda no acceso a Internet nos últimos 3 meses prodúcese no concello de Lugo, onde a porcentaxe de internautas luguesas foi do 82,2%, uns 6 puntos menos ca os homes.

Provincia

Persoas que utilizaron redes sociais nos últimos tres meses segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

O uso de redes sociais é maior entre as mulleres, independentemente da provincia onde residan. Na de Pontevedra dáse, cun 79,6%, a maior porcentaxe de mulleres que empregaron redes sociais nos últimos 3 meses, seguido de cerca polas coruñesas, cun 79,1%.

Hábitat

Persoas que utilizaron redes sociais nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

Se atendemos ao tamaño do hábitat, coa excepción das cidades de maior poboación, as mulleres destacan pola maior utilización de redes sociais, especialmente nas vilas de 20.000 a 50.000 habitantes, onde a fenda é de 3,7 puntos porcentuais (81,8% de acceso a redes sociais nas mulleres, fronte o 78,1% dos homes).



Áreas comarcais

Persoas que utilizaron redes sociais nos últimos tres meses
segundo xénero e áreas comarcais

Muller




Home



Nas áreas de Caldas-Salnés, Área de Pontevedra e Área de Vigo, o uso das redes sociais das mulleres é moito máis elevado que nos homes.

Sete concellos con maior poboación de Galicia

Persoas que utilizaron redes sociais anos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

As diferenzas de uso das redes sociais en base ao xénero son notables entre as cidades galegas. As cidades onde máis diferenzas hai entre homes e mulleres no uso deste recurso son Lugo e Ferrol, con distancias de máis de dos puntos cun maior uso por parte dos homes. As mulleres de Pontevedra e Santiago usan máis as redes sociais que os seus veciños varóns.

Provincia

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e provincia




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

A adquisición de bens ou servizos a través de Internet é maior entre os homes galegos que entre as galegas, destacando a diferenza que se produce na provincia de A Coruña, con 3,3 puntos porcentuais de fenda, e Pontevedra cunha distancia de 3 puntos.

Hábitat

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos segundo xénero e hábitat




Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

O comercio electrónico, tendo en conta o xénero dos compradores / as, pon de manifesto que nas grandes cidades galegas hai un maior uso de Internet para esta actividade por parte dos homes (59,3%) que das mulleres (53,8%).



Áreas comarcais

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e áreas comarcais

Muller




Home



Nas comarcas de Caldas-Salnés e Lugo Oriental, as compras a través de comercio electrónico nas mulleres, superaron as compras feitas polos homes.

Sete concellos con maior poboación de Galicia


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2018 (OSIMGA + IGE)

O gran concello onde atopamos unha maior distancia entre compra electrónica en función do xénero é o de Santiago de Compostela, cun 66% de homes que fixeron compras a través de Internet fronte o 58,3% das mulleres.

4. Conclusiones



Uso de dispositivos electrónicos

En Galicia non existen practicamente diferencias entre o uso de dispositivos electrónicos que fan homes e mulleres.


O uso deste tipo de dispositivos é incluso superior entre as mulleres galegas, excepto nos tramos de idade máis avanzada.



Uso de Internet

No acceso a Internet as diferenzas son de apenas tres décimas, reducíndose progresiva e ininterrompidamente ano a ano. O 80% dos galegos e o 79,9% das galegas utilizaron Internet nos últimos tres meses. Esta diferenza sitúa a fenda dixital de xénero en Galicia no valor máis baixo desde que se rexistran datos neste ámbito

No conxunto do estado a fenda de xénero no uso de Internet é tres veces maior.



Compras a través da rede

En relación ás compras en liña, aínda que hai un 2,5% máis de homes que de mulleres que realizaron compras en liña en Galicia, as diferenzas son moi variables en función da idade. Estas incluso se reverten no caso das mulleres de idades intermedias, que compran en liña ata un 5,1% máis ca os homes.

Á hora de realizar compras a través da Rede, as diferenzas por xénero son maiores en España que en Galicia.



Relación coas AAPP

As diferencias de uso da Eadministración entre galegas e galegos son mínimas. Só destacar a lixeira distancia existente no indicador relativo á descarga de documentos persoais, onde aínda así a porcentaxe de homes que ten este tipo de relación coas Administracións Públicas supera á de mulleres en 1,2 puntos porcentuais.



Redes sociais

Ao igual que acontece no resto de España e na maioría dos países europeos, as mulleres utilizan máis ca os homes as redes sociais. En Galicia a diferenza é de 1,8 puntos en favor delas, fronte ao 6,1% máis de uso feminino das redes que se da no conxunto do Estado.

Tamén este uso está claramente condicionado pola idade, de modo que entre os máis novos, o uso de medios sociais resulta máis homoxéneo entre sexos



